

**Resolución pola que se emprazan as partes interesadas no Procedemento Ordinario (PO) núm. 40/2026 interposto polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia**

Na praza núm. 1 da Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña tramítase o recurso contencioso administrativo correspondente ao PO núm. 40/2026 interposto Sindicato Nacional de CCOO de Galicia fronte á Resolución reitoral da Universidade da Coruña de 12 de decembro pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a avaliación do compoñente por méritos docentes (quinquenios).

Notifícase isto para coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer, de ser o caso, na praza núm. 1 da Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña no prazo de nove días, que conta a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña, na data da sinatura dixital

A vicerreitora de Profesorado